



Global express

A actualidade na aula

A pobreza: a grande esquecida nas Nacións Unidas

1.



© ONU / Mark Garten



© Javier Martín Cantera / Intermón Oxfam

1. Define en cinco palabras cada unha destas dúas fotos.

2. Que relación cres que existe entre estas dúas fotografías?

2. Obxectivo: Acabar coa pobreza



Que son os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM)?

No ano 2000, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a Declaración do Milenio na cal os países ricos e pobres se comprometían a facer todo o posible para erradicar a pobreza; promover a dignidade humana e a igualdade; e alcanzar a paz, a democracia e a sustentabilidade ambiental. Para iso, e antes de 2015, deben ser alcanzados oito obxectivos concretos:

A Declaración do Milenio comeza así:

"Nós, Xefes de Estado e de Goberno, reunímonos na Sede de Nacións Unidas en Nova York do 6 ao 8 de setembro de 2000, nos albores dun novo milenio, para reafirmarmos a nosa fe na Organización (da ONU) e a súa Carta como alicerces indispensables dun mundo máis pacífico, máis prospero e máis xusto".

E continúa máis adiante:

"Non escatimaremos esforzos para liberar os nosos semellantes, homes, mulleres e crianzas, das condicións abxectas e deshumanizadoras da pobreza extrema, ás que na actualidade están sometidos máis de 1.000 millóns de seres humanos..."

Os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio:

1. Reducir á metade a pobreza extrema e a fame.
2. Obter o ensino primario universal.
3. Promover a igualdade entre os sexos.
4. Reducir en dúas terceiras partes a mortalidade dos menores de 5 anos.
5. Reducir a mortalidade materna en tres cuartas partes.
6. Deter a propagación do VIH/SIDA, o paludismo e a tuberculose.
7. Garantir a sustentabilidade do medio ambiente.
8. Fomentar unha asociación mundial para o desenvolvemento, con metas para a asistencia, o comercio e o alivio da carga da débeda..



Observa que os ODM teñen que ver coas necesidades básicas de calquera persoa, o que tamén chamamos os dereitos humanos: o dereito á vida digna, á alimentación, á educación, á igualdade de homes e mulleres, á saúde de nenos e nenas e das súas nais, a vivir nun medio ambiente saudable e con futuro, e á necesidade dun compromiso entre países ricos e pobres para conseguir estes obxectivos.

Desde o ano 2000, obtivéronse algúns avances nos ODM mais tamén hai retrocesos importantes que esixirían un esforzo moi importante para conseguir que foren realidade para 2015.

3. Divide a aula en 7 grupos de 3 ou 4 persoas para facer un balanço dos 7 primeiros ODM. Lede en grupo o resumo do relatorio de cada obxectivo (recurso: documento avances e retrocesos) e expoñede ao resto as vosas conclusións: Avanzouse ou retrocedeu no voso obxectivo? Podería ser cumprido dentro de dez anos?

3. O Cumio da ONU en Nova York, setembro 2005: o exame

Do 13 ao 16 de setembro reuníronse en Nova York 191 xefes de Estado e de Goberno de todo o mundo cun importante exame sobre a mesa: analizar o grao de cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio. Este Cumio pretendía avaliar o grao de cumprimento dos compromisos adquiridos na Declaración do Milenio e definir as futuras accións.



Na actividade anterior non avaliamos o octavo obxectivo, o que fala de establecer un acordo mundial para o desenvolvemento dos países pobres. Deixámoslos para facer, agora, outra avaliación: a do compromiso dos gobernantes dos distintos países do mundo na loita contra a pobreza.

4. Le as seguintes noticias e viñetas e decide se aprobas ou suspendes os gobernantes, e despois xustifica por qué en cinco liñas.

Un documento de mínimos

A pesar de que o punto de partida da negociación sobre a reforma da ONU era un ambicioso proxecto presentado por Kofi Annan, no cal se formulaba unha profunda mudanza na organización e máis compromisos, moitos temas foron adiados e só algúns prosperaron. No que respecta á axuda ao desenvolvemento, no documento adoptado por consenso evitouse impor un calendario para chegar ao 0,7 % do PIB, ao se recusaren os EUA.

(EL PUNT, xoves 15 de setembro de 2005)

O Cumio da ONU conclúe con resultados modestos e numerosas discrepancias

O cumio do 60.º aniversario da ONU en Nova York concluíu coa adopción dun documento final con resultados mínimos. A falta de consenso deixou fóra temas como a reforma do Consello de Seguridade e do Consello de Dereitos Humanos. Se Cuba e Venezuela criticaron os métodos utilizados para aprobar o documento, os países emerxentes (India, Brasil, Sudáfrica) criticaron os escasos progresos realizados na loita contra a pobreza. O documento, de unicamente 40 páxinas, foi adoptado na presenza do Secretario Xeral da ONU, Kofi Annan, despois de tres días de intensas reunións entre os 191 países participantes no que foi o maior cumio da historia. Porén, as diverxencias de opinións impediu que saíse adiante un documento máis amplo e ambicioso (...) Mesmo así, a maior parte dos países considerou que, dada a dificultade de chegar a un acordo entre todos os Estados membros, era "o mellor compromiso posible" que podían alcanzar.

EL PAÍS, sábado 17 de setembro de 2005

A ONU clausura o seu cumio sen cumprir os seus principais obxectivos

EL MUNDO, venres, 16 de setembro de 2005

Os líderes mundiais aproban unha tímida reforma da ONU na clausura do cumio

EL MUNDO
sábado, 17 de setembro de 2005

Os líderes mundiais desperdician a ocasión de obter resultados nun cumio da ONU

ABC, venres, 16 de setembro de 2005

A ONU certifica a súa incapacidade para buscar solución á pobreza


EL DIARIO DE SEVILLA
sábado, 17 de setembro de 2005

A Asemblea da ONU conclúe nun clima de insatisfacción

EL PERIÓDICO
sábado, 17 de setembro de 2005



© Albert Monteyns



© Plantu

O G-8 é a reunión dos países máis ricos e poderosos do mundo: EUA, Canadá, Gran Bretaña, Francia, Alemaña, Italia, Xapón e Rusia.

4. E as persoas, ¿que opinan?

“O mundo está farto de que os seus donos se burlen del. É unha tarefa urxente a existencia da palabra empeñada. Porque a distancia que separa as promesas das realidades dá tamén unha medida do desafío que temos formulado todos os que aínda cremos que é posible escoller entre a esperanza e a desesperación”

EDUARDO GALEANO

Moitas persoas mobilizáronse e continúan a facelo para facer presión sobre os seus gobernos para conseguiren un compromiso real cos ODM. As ONGs e a cidadanía esixen nas súas campañas acordos concretos para conseguir:

- **Máis e mellor axuda:** meta do 0,7, axuda desligada de intereses comerciais e orientada aos países e colectivos máis empobrecidos.
- **Cancelación da débeda** aos países máis pobres e investimento dos recursos liberados nos ODM.
- **Modificacións substanciais das regras do comercio** que penalizan os países máis empobrecidos e danan o medio ambiente.
- **Eliminación das subvencións** á produción agrícola do Norte.
- **Protección aos servizos básicos** para asegurar os dereitos fundamentais: alimentación, saúde, auga potable, etc.
- **Cumprimento dos compromisos internacionais** por parte dos gobernos do Norte e do Sur.



6. Divídide a aula en catro grupos e debatede en grupo durante 15 minutos sobre as seguintes afirmacións.

- Indicar se estades de acordo ou non con cada unha destas sete afirmacións
- por qué?

Despois, un portavoz explica ao resto da aula as conclusións do seu grupo.

1. Os países máis pobres, mesmo os ben gobernados, carecen de recursos para financiar o seu desenvolvemento, son os países ricos quen deben axudar.

2. O sistema actual só pode perpetuar a pobreza porque só reacciona outorgando axudas, non actúa para provocar ningunha mudanza; límítase a axudar a que os pobres poidan sobrevivir, o cal garante a continuidade da pobreza.

3. Aínda que os países ricos fornezan axuda ao desenvolvemento dos países máis pobres, estes non mellorarán, porque os seus gobernantes son corruptos e os seus habitantes non saberían aproveitar a axuda.

4. Se os países máis ricos eliminarán as barreiras que poñen aos produtos dos países do Sur, o comercio permitiría crear riqueza e reducir a pobreza.

5. Os países ricos e os seus gobernos teñen o deber moral de axudar os máis pobres a saíren da pobreza. Cunha pequena parte da súa riqueza poderíase solucionar o problema da fame no mundo.

6. Os pobres non son pobres por seren lacazáns ou por os seus gobernos seren corruptos. Son pobres porque outros se apropiaron da súa riqueza, destruíndo a súa capacidade para creala.

7. O 80% dos recursos do planeta están nas mans do 20% da poboación. A pobreza de máis de tres cuartas partes dos habitantes do mundo fai insustentable o futuro do planeta.

5. E nós qué podemos facer?

Mobilízate

Coñece e apoia as campañas que están en marcha para facer presión sobre os políticos de todo o mundo para que se comprometan na loita contra a pobreza.

Podes visitar as súas páxinas web e saber qué actos convocan na túa vila ou cidade ou cómo participar por Internet:

- **“Campaña Pobreza Cero”** da Coordinadora de ONGD españolas:
www.pobrezacero.org
- **“Campaña Sen Escusas 2015”** da Campaña do Milenio da ONU:
www.sinexcusas2015.org

Continúa a interesarte polos ODM a través da web das Nacións Unidas:
www.un.org/spanish/millenniumgoals/

Escribe ao Secretario das Nacións Unidas, Kofi Annan, e dálle a túa opinión. Podes facelo a través do programa escolar da ONU, o Ciber Bus Escolar:
www.un.org/Pubs/CyberSchoolBus/spanish/

Pensa e Actúa

Pensa e Actúa cada día na túa escola, na túa familia, cos teus amigos/as... non volvas a cara perante a pobreza ao teu redor nin no mundo enteiro.
Reflexiona acerca das súas causas.

